



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL E APERTURA DO TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DA ORDENANZA REGULADORA DO USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

O pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2026, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do uso racional e sostible das praias do concello de Malpica de Bergantiños, acordo íntegro que figura a continuación.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o expediente debe someterse a información pública polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte á inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados podan examinar o expediente e formular as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

A efectos de garantir durante dito período de información pública e audiencia aos interesados o dereito de información e acceso procédese á publicación do presente.

ACORDO ÍNTEGRO ADOPTADO POLO PLENO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2026.

Considerando que ten quedado xustificando e motivado no expediente (anuncio de consulta previa, providencias da alcaldía e preámbulo da ordenanza) a necesidade e a oportunidade da aprobación da “ORDENANZA REGULADORA DO USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS”, así, na providencia da alcaldía ditada o 20/07/2026, dise, cita en extracto:

“**I.-** O pasado 18/05/2026 ditouse a seguinte providencia, cita literal:

“En relación a ordenanza municipal reguladora do uso das praias do concello, o pasado día 18/03/2026, de conformidade co preceptuado polo art. 133 Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, levouse a cabo o trámite de consulta, mediante a publicación dos correspondentes anuncios na páxina web do concello e na sede electrónica, sendo estes do seguinte tenor literal:

“ANUNCIO DE APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA EN RELACIÓN COA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DESFRUTE DAS PRAIAS

De conformidade co disposto no art. 69 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de posibilitar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas de carácter regulamentario, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora do Uso e Desfrute das Praias do Concello de Malpica de Bergantiños, procédese á apertura do trámite de consulta pública previa a través do portal web municipal e/ou sede electrónica.

A presente consulta ten por finalidade solicitar a opinión da cidadanía, veciñanza, persoas usuarias das praias, asociacións veciñais, entidades ecoloxistas, establecementos turísticos, concesionarios de servizos de tempada e demais organizacións potencialmente afectadas pola futura aprobación da ordenanza.

De acordo co previsto no citado precepto, a consulta pública versará sobre os seguintes extremos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa normativa.*
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- c) Os obxectivos da norma.*



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

d) *As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

*As persoas interesadas poderán formular as súas opinións, achegas e suxestións en relación coa iniciativa normativa que se propón durante o prazo de **vinte (20) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no portal web municipal e/ou sede electrónica (portal de transparencia).*

As citadas opinións, achegas e suxestións poderán presentarse:

- *De maneira presencial no Rexistro Xeral do concello, sito en Avda. Emilio González López, núm. 1, Malpica de Bergantiños, en horario de atención ao público, de 8:30 a 14:30 horas.*
- *De xeito telemático na Sede Electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>).*
- *Por calquera dos medios/formas previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa e obxectivos da norma.

As praias son bens de dominio público marítimo-terrestre cuxo uso e aproveitamento require unha adecuada ordenación municipal, no marco da normativa estatal e autonómica aplicable.

A ausencia dunha regulación municipal xeral e específica do uso e desfrute das praias pode xerar:

- *Conflictos derivados de usos incompatibles do espazo.*
- *Problemas de convivencia cidadá.*
- *Dificultades na xestión de actividades recreativas, deportivas ou económicas.*
- *Incidencias en materia de limpeza, salubridade e seguridade.*
- *Impactos negativos sobre o medio ambiente e o ecosistema litoral.*

A iniciativa normativa ten por obxecto:

- *Regular as condicións de uso, desfrute e conservación das praias do termo municipal.*
- *Establecer un marco xeral normativo do uso e desfrute das praias sen ter que acudir a outras ordenanzas municipais que afectan de forma incidental a ese uso e desfrute.*
- *Establecer normas de convivencia e comportamento cívico.*
- *Ordenar as actividades permitidas e prohibidas.*
- *Establecer medidas de protección ambiental e seguridade.*
- *Determinar o réxime de control, inspección e infraccións e sancións.*

2. Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A aprobación dunha ordenanza municipal considérase necesaria por afectar a unha pluralidade indeterminada de persoas e por incidir na xestión e ordenación de bens de dominio público.

A norma pretende dotar ao municipio dun instrumento xurídico claro e sistemático que permita:

- *Garantir a convivencia e o uso racional do espazo público.*
- *Protexer o medio ambiente e o litoral.*
- *Asegurar a seguridade das persoas usuarias.*
- *Favorecer un modelo de xestión sostible e coordinado co resto de administracións competentes.*



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A iniciativa axústase aos principios de boa regulación previstos no art. 129 da Lei 39/2015, en particular aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

3. As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non se contempla a posibilidade da existencia de solucións non regulatorias”.

No citado anuncio se xustificou e motivou xa a necesidade e a oportunidade de aprobación da correspondente ordenanza municipal que regule o uso das praias do concello. Agora ben e a efectos de que, no seu caso, se inclúa no preámbulo ou exposición de motivos da norma fanse as seguintes consideracións que, ademais, veñen profundizar na xustificación/motivación xa realizada:

I.- O litoral do concello de Malpica de Bergantiños constitúe un dos principais valores ambientais, paisaxísticos e sociais do termo municipal, conformando un espazo de especial relevancia ecolóxica, económica, cultural e turística para a veciñanza e para quen visita o municipio. As praias, calas e sistemas dunares que integran a costa malpicá forman parte dunha contorna natural singular, incluída en ámbitos protexidos da Rede Natura 2000, forman parte principalmente da ZEC (Zona Especial de Conservación) Costa da Morte ES1110005 e, nalgúns casos, tamén de ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) polo seu valor ornitolóxico e ecolóxico cuxa conservación esixe compatibilizar o uso público e recreativo coa protección efectiva dos ecosistemas litorais e mariños.

A diversidade xeomorfolóxica e ambiental das praias do municipio confire a cada unha delas características propias que xustifican unha regulación específica orientada a preservar os seus valores naturais e garantir un uso ordenado, seguro e sostible.

Así, as praias urbanas de Area Maior e Canido constitúen espazos de convivencia cidadá e de desfrute colectivo estreitamente vinculados o núcleo urbano e á actividade turística local.

Pola súa banda, a praia de Seaia destaca pola presenza de sistemas dunares de elevado interese ecolóxico, cuxa conservación resulta esencial para o equilibrio ambiental do litoral.

A praia de Seiruga presenta así mesmo un importante sistema dunar e a singularidade ambiental derivada da desembocadura do río Vaa, configurando un enclave de especial sensibilidade ecolóxica e paisaxística.

A praia de Beo, abrigada dos ventos do nordeste, reúne condicións naturais diferenciadas que favorecen determinados usos tradicionais e recreativos compatibles coa súa preservación.

En contraste, as praias de As Torradas, Riás e Santo Miro caracterízanse pola súa exposición a mar aberto, constituíndo espazos de alto valor paisaxístico e natural onde as condicións do medio requiren unha especial atención á seguridade e á protección ambiental.

Así mesmo, na parroquia de Barizo, a praia de Area Pequena e a praia do Porto destacan pola calidade e finura das súas areas, formando parte do patrimonio litoral e etnográfico do municipio e contribuíndo á identidade mariñeira e turística da costa malpicá.

O uso dun espazo natural como zona de lecer obriga a que se compatibilicen os dereitos que lle asisten ás persoas usuarias destes areas e da ribeira do bordo litoral malpicá coa preservación absoluta do medio natural.

Ademais, considerando as particularidades destes espazos e os riscos derivados do seu uso resulta preciso determinar unha serie de condicións que garantan a hixiene dos lugares e a seguridade das persoas usuarias.

O referido nos anteditos parágrafos determina a redacción dunha ordenanza específica de uso das praias do Concello de Malpica de Bergantiños.

En virtude das competencias atribuídas aos municipios pola lexislación de réxime local, de costas, ambiental e de protección do dominio público marítimo-terrestre, o Concello de Malpica de Bergantiños elabora a presente ordenanza coa finalidade de regular os usos e actividades



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

desenvolvidos no litoral municipal, garantir a seguridade das persoas usuarias, promover a convivencia e accesibilidade, previr impactos ambientais e asegurar a conservación dos valores naturais, paisaxísticos e ecolóxicos que caracterizan as praias do municipio para as xeracións presentes e futuras.

II.- A Constitución Española reconece no artigo 45 o dereito de todas as persoas a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. De igual modo, corresponde aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

O artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe aos municipios potestade regulamentaria no ámbito das súas competencias. Así, os municipios exercerán, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de medio ambiente urbano e para a protección da salubridade pública, de conformidade co artigo 25.2. b) e j) da devandita norma.

Considerando que son diversas as administracións competentes en praias, calas, accesos e zonas de baño adxacentes, o Concello de Malpica de Bergantiños velará pola coordinación adecuada entre elas no ámbito dos diferentes aspectos que afectan o dominio público nas praias e contorna inmediata.

En canto á lexislación sectorial vén dada, por unha banda, pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, que establece no seu artigo 115 as competencias municipais relativas ao mantemento das condicións de salubridade nas praias e a observancia das normas e instrucións ditadas pola administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.

Por outra banda, tamén se incorporarán as disposicións previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, no que incumbe ao obxecto desta ordenanza.

No ámbito da salubridade pública para o baño nas praias incluídas nesta ordenanza, estarase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Así, pois, e coa substanciación da consulta previa tense iniciado o procedemento para elaboración/aprobación da norma (ordenanza) resultando preciso de conformidade coa normativa vixente seguir a realizar os trámites precisos para a súa aprobación, determinados neste momento procedimental polo preceptuado no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outro lado, faise constar que no trámite de consulta previa non foron formuladas opinións, achegas e/ou suxestións en relación con esta iniciativa normativa.

Así, pois, á vista do exposto, DISPOÑO:

Primeiro. Que se elabore o correspondente texto de ordenanza no que se inclúan os aspectos/elementos considerados no trámite de consulta previa e os que figuran na presente.

Segundo. Que unha vez elaborado o citado texto normativo se someta á secretaría municipal para que esta emita o seu preceptivo informe.

Evacuados os trámites anteriores déseme conta”.

II.- De conformidade co disposto na transcrita providencia procedeuse á elaboración do correspondente texto de ordenanza e se procedeu á emisión do preceptivo informe pola secretaria municipal.

III.- Seguindo o procedemento establecido legalmente, a aprobación inicial da referida ordenanza foi sometida, previo ditame favorable da comisión informativa correspondente, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, ao pleno na sesión ordinaria celebrada o día 28/05/2026. Na citada sesión, ao abeiro do 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acordouse que o expediente quedase sobre a mesa aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión.

A razón fundamental que motivou a referida decisión foi introducir no texto da ordenanza distintas achegas dos grupos municipais co obxecto de mellorar o texto da mesma.

Á vista exposto, e permanecendo as circunstancias e razóns que xustificaron no seu día o inicio do expediente e dar, ao tempo, cumprimento do art. 92 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, DISPOÑO:

Primeiro. Que se elabore un novo texto de ordenanza no que se inclúan/modifiquen os seguintes aspectos/elementos, permanecendo inalterado este no demais:

No art. 2 letra b), engadir: Incluindo escarpas, bermas ou dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento, ou por outras causas naturais ou artificiais.

No art. 2 letra k, engadir ao final: Ademais, poderán participar no citado órgano, sen ter a condición de membros e previa invitación da presidencia, representantes de clubs de surf, asociacións e clubs deportivos do concello, así coma, un representante da confraría de pescadores.

No art. 3, engadir un apartado: 6. En dúas das praias do concello existen sistemas dunares, os cales conforman ecosistemas de gran fragilidade que corresponde coidar e non agredir. Nestes lugares, estean balizados ou non, non estará permitido ningún dos usos que se describen na presente ordenanza para as praias e calas, incluído pasear ou permanecer nos mesmos.

No art. 5 apartado 5, engadir un novo parágrafo: Independentemente do anteriormente expresado, procederase, de ser o caso, á instrución do correspondente expediente sancionador.

No art. 9 , modificar o ámbito temporal/período establecido, primeiro inciso do parágrafo primeiro: Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais domésticos nas praias na tempada de baño, sen excepción de horario.

No art. 12, engadir dous apartados: 3.- Nas zonas onde existan sistemas dunares en calquera estadio de conservación, a limpeza realizarase exclusivamente a man e de forma selectiva para non alterar a vexetación nin o perfil da area.

4.- As algas serán retiradas cando debido a súa gran acumulación poidan causar graves molestias ás persoas usuarias das praias e/ou causar problemas de salubridade, en todo caso dita actuación se realizará con estrita suxeición á normativa vixente.

No art. 29 apartado 1, engadir dúas novas infraccións como letras ñ e o, reordenando a seguinte letra: ñ. Pasear ou permanecer nos sistemas dunares e o. Consumir tabaco (queimado ou quentado) ou calquera produto que conteña nicotina nas praias ou parte destas que sexan declaradas polo concello como “praias sen fume”.

No art. 29 apartado 2 suprimir a anterior infracción prevista na letra q e incluír unha nova infracción como letra q: q. Instalar/colocar parasoles, cadeiras, mesas, paraventos, hamacas ou outros elementos análogos nos sistemas dunares.

No art. 29 apartado 3 letra f), engadir ao final: incluídos os sistemas dunares.

No art. 31 apartado 2 letra a), engadir: desde 100,00 €

No art. 31 apartado 3, engadir ao final un novo parágrafo: En todo caso considérase como circunstancia que atenúa a responsabilidade dos culpables dunha infracción da presente ordenanza o cesamento da actividade prohibida ou realización da obriga de modo voluntario e tras a pertinente advertencia da autoridade municipal ou os seus axentes.

No art. 31 engadir un apartado: 4. Cando concorresen circunstancias atenuantes e agravantes, estas compensaranse de forma racional para a determinación da sanción, ponderando razoadamente a transcendencia dunhas e outras.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

No anexo I corrixir as coordenadas de Seiruga pequena ou Area Pequena: 43º 19' 12.4" N - 8º 51' 31.1" W

.../”

Visto que a ordenanza dá resposta aos problemas que se pretendían solucionar coa iniciativa normativa e cumpre cos obxectivos fixados e que mesma se axusta á normativa vixente (formalmente e en canto ao seu contido/fondo).

Visto que se ten emitido o preceptivo informe pola secretaría municipal e seguido o procedemento establecido pola normativa vixente.

Atendendo, pois, que o concello ten atribuída a potestade regulamentaria, que a ordenanza obxecto deste acordo cumpre coa legalidade vixente e coa finalidade que se pretende e que se ten xustificado a necesidade e oportunidade da aprobación da mesma é polo que se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a “ORDENANZA REGULADORA DO USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS”, cuxo texto íntegro figura a continuación:

PREÁMBULO

I

O litoral do concello de Malpica de Bergantiños constitúe un dos principais valores ambientais, paisaxísticos e sociais do termo municipal, conformando un espazo de especial relevancia ecolóxica, económica, cultural e turística para a veciñanza e para quen visita o municipio. As praias, calas e sistemas dunares que integran a costa malpicá forman parte dunha contorna natural singular, incluída en ámbitos protexidos da Rede Natura 2000, forman parte principalmente da ZEC (Zona Especial de Conservación) Costa da Morte ES1110005 e, nalgúns casos, tamén de ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves) polo seu valor ornitolóxico e ecolóxico cuxa conservación esixe compatibilizar o uso público e recreativo coa protección efectiva dos ecosistemas litorais e mariños.

A diversidade xeomorfolóxica e ambiental das praias do municipio confire a cada unha delas características propias que xustifican unha regulación específica orientada a preservar os seus valores naturais e garantir un uso ordenado, seguro e sostible.

Así, as praias urbanas de Area Maior e Canido constitúen espazos de convivencia cidadá e de disfrute colectivo estreitamente vinculados o núcleo urbano e á actividade turística local.

Pola súa banda, a praia de Seaia destaca pola presenza de sistemas dunares de elevado interese ecolóxico, cuxa conservación resulta esencial para o equilibrio ambiental do litoral.

A praia de Seiruga presenta así mesmo un importante sistema dunar e a singularidade ambiental derivada da desembocadura do río Vaa, configurando un enclave de especial sensibilidade ecolóxica e paisaxística.

A praia de Beo, abrigada dos ventos do nordeste, reúne condicións naturais diferenciadas que favorecen determinados usos tradicionais e recreativos compatibles coa súa preservación.

En contraste, as praias de As Torradas, Riás e Santo (San) Miro caracterízanse pola súa exposición a mar aberto, constituíndo espazos de alto valor paisaxístico e natural onde as condicións do medio requiren unha especial atención á seguridade e á protección ambiental.

Así mesmo, na parroquia de Barizo, a praia de Area Pequena e a praia do Porto destacan pola calidade e finura das súas áreas, formando parte do patrimonio litoral e etnográfico do municipio e contribuíndo á identidade mariñeira e turística da costa malpicá.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O uso dun espazo natural como zona de lecer obriga a que se compatibilicen os dereitos que lle asisten ás persoas usuarias destes areais e da ribeira do bordo litoral malpicá coa preservación absoluta do medio natural.

Ademais, considerando as particularidades destes espazos e os riscos derivados do seu uso resulta preciso determinar unha serie de condicións que garantan a hixiene dos lugares e a seguridade das persoas usuarias.

O referido nos anteditos parágrafos determinou a redacción dunha ordenanza específica de uso das praias do Concello de Malpica de Bergantiños. Así, en virtude das competencias atribuídas aos municipios pola lexislación de réxime local, de costas, ambiental e de protección do dominio público marítimo-terrestre, o Concello de Malpica de Bergantiños elaborou a presente Ordenanza reguladora do uso racional e sostible das praia do concello coa finalidade de regular os usos e actividades desenvolvidos no litoral municipal, garantir a seguridade das persoas usuarias, promover a convivencia e accesibilidade, previr impactos ambientais e asegurar a conservación dos valores naturais, paisaxísticos e ecolóxicos que caracterizan as praias do municipio para as xeracións presentes e futuras.

II

A Constitución Española reconece no artigo 45 o dereito de todas as persoas a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. De igual modo, corresponde aos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

O artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe aos municipios potestade regulamentaria no ámbito das súas competencias. Así, os municipios exercerán, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de medio ambiente urbano e para a protección da salubridade pública, de conformidade co artigo 25.2. b) e j) da devandita norma.

Considerando que son diversas as administracións competentes en praias, calas, accesos e zonas de baño adxacentes, o Concello de Malpica de Bergantiños velará pola coordinación adecuada entre elas no ámbito dos diferentes aspectos que afectan o dominio público nas praias e contorna inmediata.

En canto á lexislación sectorial vén dada, por unha banda, pola Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, que establece no seu artigo 115 as competencias municipais relativas ao mantemento das condicións de salubridade nas praias e a observancia das normas e instrucións ditadas pola administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.

Por outra banda, tamén se incorporan as disposicións previstas na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, no que incumbe ao obxecto desta ordenanza.

No ámbito da salubridade pública para o baño nas praias incluídas nesta ordenanza, estase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

III

Para a elaboración desta ordenanza seguiuuse o procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, observándose, ademais, o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, en canto á observancia dos principios de boa regulación. Así mesmo, levouse a cabo a consulta previa prevista no art. 133 da devandita norma, mediante a publicación dos correspondente anuncios na páxina web do concello e na sede electrónica, anuncios publicados o día 18/03/2026, outorgándose un prazo de vinte días hábiles as persoas interesadas para que poderán formular as súas opinións, achegas e suxestións en relación con esta iniciativa normativa, non téndose formulado no devandito prazo suxestión algunha.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Obxecto.

É obxecto desta ordenanza a regulación do uso racional e sostible das praias do Concello de Malpica de Bergantiños, procurando compatibilizar o seu desfrute co respecto ao medio ambiente, así como velar pola saúde pública, promover a accesibilidade, a seguridade e a protección da cidadanía.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza será de aplicación, dentro do termo municipal de Malpica de Bergantiños, ao uso, prestación de servizos e elementos localizados no espazo público que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, ou que teña a consideración normativa de praia.

A aplicación desta ordenanza realizarase sen menoscabo das competencias atribuídas ao Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera caso, será de aplicación ás praias que se relacionan no anexo I da presente ordenanza e conforme ás definicións que figuran a continuación.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese como:

- a) Dominio público marítimo-terrestre: o espazo así definido nos artigos 3 e 4 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e máis concretamente: a ribeira do mar, que inclúe a zona marítimo-terrestre e as praias ou zonas de depósitos de materiais soltos; o mar territorial e as augas interiores; así como os recursos naturais na zona económica e na plataforma continental.
- b) Praias e calas: extensións de area ou pedra miúda que comprenden a totalidade do areal e as rocas que poida haber desde a súa cota de baixamar máxima viva equinoccial ata onde chegue a area na parte alta, aínda que non cheguen as pleamares vivas. Incluíndo escarpas, bermas ou dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento, ou por outras causas naturais ou artificiais. Para os efectos desta ordenanza, inclúense como parte das praias e calas os accesos, bancadas e outros elementos próximos vinculados directamente co seu uso e desfrute.
- c) Augas de baño das praias: aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, practíquese habitualmente por un número importante de persoas.
- d) Zona de baño: aquela que se atope debidamente balizada para tal efecto. Nos tramos de praias que non estean balizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua dunha anchura de 200 metros.
- e) Zona de varada: aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.
- f) Tempada de baño: é o período de tempo no que se pode prever unha alta afluencia de persoas usuarias das praias, en base aos usos e costumes locais. Deste xeito, corresponderalle á Alcaldía determinar as datas correspondentes á temporada de baño, así coma os horarios nos que se habilitará a vixilancia de determinadas zonas de baño polo persoal do servizo de salvamento e socorrismo en cada ano mediante unha resolución á que se lle outorgará a debida publicidade para o coñecemento das persoas interesadas.
- g) Acampada: instalación de tendas de campaña, parasoles non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
- h) Campamento: acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.
- i) Animal doméstico: animais de compañía pertencentes a especies que críe e teña tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir de maneira doméstica no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda a persoas con discapacidade recoñecida.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

j) Pesca marítima de recreo: enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen retribución algunha e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina.

k) Comité de Xestión de Praias: órgano dependente da concellería con competencias no medio ambiente e presidido polo/a concelleiro/a delegado/a desta. Reúnese cunha periodicidade mínima anual. Son membros deste as concellerías, departamentos e servizos implicados na xestión, mantemento, conservación e protección dos areais municipais e a súa contorna, así como da seguridade cidadá, no ámbito das competencias municipais. Ademais, poderán participar no citado órgano, sen ter a condición de membros e previa invitación da presidencia, representantes de clubs de surf, asociacións e clubs deportivos do concello, así coma, un representante da confraría de pescadores.

TÍTULO II.- USO RACIONAL E SOSTIBLE

Artigo 3º. Utilización do dominio público marítimo terrestre.

1. A utilización do dominio público marítimo terrestre será libre, pública e gratuíta, para os usos comúns e acordes coa natureza daquel, tales como estar, pasear, bañarse e outros semellantes que non requiran obras ou instalacións de ningún tipo, e sempre que estas actividades realícense de acordo co disposto na lexislación vixente en cada momento.

2. Prohíbese expresamente o uso privativo do dominio público marítimo terrestre.

3. As instalacións que se autoricen nos areais serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, autorícense outras modalidades de uso, sen que en ningún caso poida desnaturalizarse o uso público dos areais.

4. Unicamente poderá permitirse a ocupación do dominio público marítimo terrestre nos casos e nas formas previstas na normativa vixente de costas e de ordenación do litoral.

5. A realización de calquera tipo de actuación, disposición de obxectos, prestación de servizos, etc., aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación desta ordenanza, deberá dispoñer do correspondente título habilitante do órgano ou administración competente que corresponda por razón da materia de que se trate.

6. En dúas das praias do concello existen sistemas dunares, os cales conforman ecosistemas de gran fragilidade que corresponde coidar e non agredir. Nestes lugares, estean balizados ou non, non estará permitido ningún dos usos que se describen na presente ordenanza para as praias e calas, incluído pasear ou permanecer nos mesmos.

Artigo 4º. Dereitos e deberes das persoas usuarias.

1. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen os seguintes dereitos:

1.1. Dereito a gozar do medio ambiente e dos servizos municipais prestados de acordo co ordenamento xurídico vixente e coa presente ordenanza.

1.2. Dereito á información ambiental, nos termos que establece a lexislación sectorial vixente.

1.3. Dereito a ser atendidas polo concello as reclamacións ou suxestións que formulen, e a exercer as accións que en cada caso correspondan.

2. As persoas usuarias das praias e da súa contorna teñen as seguintes obrigacións:

2.1. Facer un uso racional e respectuoso da praia, zonas de baño e espazos adxacentes, así como das instalacións e o mobiliario urbano que haxa, de acordo coa súa natureza, destino e finalidade, e respectar o dereito que tamén teñen outras persoas usuarias.

2.2. Cumprir as normas contempladas na presente ordenanza.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2.3. Adoptar condutas que eviten a sucidade e o mal estado hixiénico da area, a auga de baño e demais instalacións ao servizo das praias. O uso dos elementos do mobiliario urbano e calquera tipo de infraestrutura pública será acorde ao fin para o cal están destinados.

3. Para garantir unhas normas básicas de convivencia e seguridade, e coa única excepción de eventos ou actividades previamente autorizadas polo órgano competente, non está permitido:

a) O uso de dispositivos sonoros de calquera tipo (altosfalantes, radios, instrumentos musicais, etc.) de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto das persoas usuarias. Non se aplica en situacións de alarma e/ou perigo nin á megafonía e aparellos sonoros do servizo de salvamento e socorrismo.

b) Facer lume nos areais e a contorna inmediata; o emprego de grellas, bombonas de gas ou calquera outro elemento inflamable, nin calquera outro artefacto que permita cociñar; o uso de material pirotécnico ou bengalas con finalidade recreativa. Queda exceptuada da anterior prohibición a realización de fogueiras naquelas datas que por especial significación se autoricen expresamente por parte do concello e polos organismos competentes.

c) A venda ambulante salvo autorización expresa polo organismo competente na materia.

d) Instalarse nos accesos ás praias, que deberán estar libres de obstáculos..

e) As accións ou elementos que limiten ou restrinxan o acceso das persoas usuarias á beira e ao mar, ou dificulten o labor do persoal dos postos de salvamento e socorrismo, primeiros auxilios, servizos de accesibilidade e baño para persoas con mobilidade reducida, Policía Local, Protección Civil ou calquera outra autoridade.

Artigo 5º. Acampada nos areais, ocupacións e reservas de espazo.

1. Considérase acampada a instalación de tendas de campaña, excepto as de pequenas dimensións que dan servizo durante as horas diúrnas. Asímlase a acampar o feito de instalarse para pasar a noite.

2. Queda prohibida, durante todo o ano e a calquera hora, a instalación de tendas de campaña, así como os campamentos e acampadas de calquera duración de tempo nos areais.

3. Non se permite a reserva de espazo nas praias. Prohíbese deixar calquera obxecto con esta finalidade, salvo que as persoas propietarias atópanse na praia.

4. Calquera tipo de ocupación do areal deberá dispoñer da autorización expresa da autoridade competente.

5. O persoal municipal ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais.

Os elementos retirados só poderán ser devoltos a quen acredite debidamente a súa propiedade.

Independentemente do anteriormente expresado, procederase, de ser o caso, á instrución do correspondente expediente sancionador.

Artigo 6º. Normas de carácter hixiénico-sanitario.

Non estará permitido:

1. A evacuación fisiolóxica no mar, na praia, nin na súa contorna inmediata. O concello fomentará, onde non os houbese con carácter permanente, a instalación de aseos públicos accesibles durante a tempada de baño.

2. A limpeza, na area da praia ou na auga do mar, dos utensilios de comida nin dos recipientes empregados para portar alimentos ou outras materias orgánicas.

3. Dar ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbano en xeral ao servizo dos areais, un uso diferente ao que lle é propio, como xogar, lavar animais, limpar utensilios de comida, usar xabón, xel ou



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

champú ou calquera outro produto deterxente, sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

Artigo 7º. Praias sen fume.

Co fin de contribuír á preservación da saúde das persoas non fumadoras que sexan usuarias das praias, o Concello de Malpica de Bergantiños poderá establecer a prohibición de consumir tabaco (queimado ou quentado), así como de produtos que conteñan nicotina, en determinadas praias ou parte destas.

O concello sinalizará as praias nas que se prohiba consumir os produtos antes indicados na propia praia, na web municipal e polos medios de difusión que se estimen oportunos.

Artigo 8º. Calidade da auga de baño.

1. En relación coa calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real Decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, e á normativa que o poida substituír ou complementar.

2. No ámbito das súas competencias, e no exercicio do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Malpica de Bergantiños :

a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.

b) Sinalizará a prohibición do baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así sexa establecida pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia; manterá esta en tanto esta autoridade sanitaria autonómica non comunique a desaparición do risco sanitario.

c) Adoptará as medidas necesarias para o peche de zonas de baño, cando así sexa acordado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia. Estas medidas manteranse ata que esta autoridade sanitaria autonómica comunique o acordo de reapertura da zona de baño.

Artigo 9º. Presenza de animais domésticos.

Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais domésticos nas praias na tempada de baño, sen excepción de horario. Non obstante, o concello resérvase a facultade de habilitar espazos específicos dentro dos areais nos que os animais domésticos poderán permanecer, sempre baixo a vixilancia das persoas responsables dos mesmos. Estes espazos serán oportunamente sinalizados, delimitados e divulgados.

Con carácter excepcional, e de conformidade co título habilitante das administracións competentes, poderanse permitir actividades concretas con animais sempre que teñan un carácter tradicional, de interese xeral e non sexan incompatibles coa preservación do medio.

Autorízase a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio. Así mesmo, permite a presenza de cans de asistencia, considerándose que estes son os adestrados en centros especializados oficialmente recoñecidos, que conclúan o seu adestramento e adquiran así as aptitudes necesarias para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade. Estes cans deberán estar acreditados e identificados da forma establecida na lexislación aplicable sobre cans de asistencia para persoas con discapacidades.

Artigo 10º. Varamentos de fauna.

No suposto que se detecten varamentos de fauna, viva ou morta, as persoas usuarias presentes deben, en primeiro lugar, garantir a súa propia seguridade, evitando tocar o animal ou animais, con independencia da especie de que se trate e do seu estado.

A continuación, deberán avisar ao persoal do servizo de salvamento e socorrismo de praia no caso de estar operativo, e de non estalo, a través do teléfono de emerxencias 112, procurando dar os datos máis precisos que sexa posible.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

TÍTULO III. LIMPEZA E MANTEMENTO

Artigo 11º. Residuos.

1. Nos areas será de obrigado cumprimento o establecido na lexislación sectorial vixente en materia de residuos, así como na normativa municipal aplicable a estes.
